



**6ª RESIDENCIA DE CREADORES E CREADORAS EMERXENTES**  
**Encontros de Mariñán**  
**Pazo de Mariñán - 25 a 28 de xuño de 2025**  
nova data por confirmar

**CONVOCATORIA  
DA 6ª RESIDENCIA  
DE ARTISTAS  
EMERXENTES NO  
PAZO DE  
MARIÑÁN**

Solicitudes ata o 10 de abril

### **CONVOCATORIA na ESCOLA RAMÓN FALCÓN**

O alumnado da EASD Ramón Falcón durante o curso 2024-2025 interesado en participar nesta residencia artística, deberá presentar unha proposta de proxecto baseada na figura homenaxeada e/ou na temática prevista, de xeito individual ou grupal (con persoas da mesma especialidade ou doutras, dun ou varios niveis académicos...).

O/s participante/s comprométense a pernoctar no Pazo de Mariñán, en réxime de pensión completa, e a desenvolver un proxecto de creación propia relacionado co tema establecido así como a participar nas actividades do programa académico (debates, concertos, actuacións ...).

O profesorado actuará como representante da Escola nos actos que así o requiran, como responsable do alumnado da Escola e velará polo correcto desenvolvemento da estadía no Pazo de Mariñán.

A organización encárgase do desprazamento de ida e volta e do material para desenvolver o proxecto.

Emitirase un certificación de asistencia a cada participante no evento.

### **Prazas asignadas á EASD Ramón Falcón na convocatoria 2024-2025**

- 4 prazas para alumnado (en habitacións dobres).
- 2 prazas para profesorado (habitación dobre). Pode ir máis profesorado, pero sen pernoctación.

Se hai máis candidaturas que prazas dispoñibles, establecerase unha lista de espera.

### Solicitud de participación:

Calquera que o desexe, ten que enviar un correo electrónico a [vicedireccion@escoladeartelugo.com](mailto:vicedireccion@escoladeartelugo.com) **antes do 10 de abril**

**Asunto: CONVOCATORIA MARIÑAN 2025**

**Contido: Solicitud de participación de (nome completo do interesado/interesados aos que representa o remitente)**

**Adxunto: PROPOSTA DE PROXECTO MARIÑAN 2025.**

Documento en formato pdf, que non exceda as 10 páxinas e que deberá incluír:

- 1. Portada:** Nome do programa, nome e apelidos dos/as solicitantes, con indicación de titulación e curso.
- 2. Descrición da proposta artística:** esbozo do proxecto que se desexaría desenvolver sobre o tema común, cunha extensión máxima de 3 páxinas, engadindo documentación descritiva no soporte visual, sonoro ou fotográfico (por links ou tamén nos adxuntos). Non se pide un remate final da actividade, senón unha explicación xustificada do traballo que se vai desenvolver, cun acompañamento visual mínimo, para que se poida apreciar o mellor posible a proposta presentada.
- 3. Xustificación da proposta:** Integración de aspectos interdisciplinares ou conexións con outros ámbitos creativos participantes (belas artes, moda, arquitectura, arte dramático, danza, música), e integración dos proxectos nos espazos interiores e exteriores do Pazo de Mariñán.
- 4. Temporalización e Orzamento da proposta.** Cada equipo de traballo deberá presentar unha planificación do proxecto co fin de prever as necesidades concretas, e poder elaborar un programa-guión coas actividades a desenvolver antes e en Mariñán. Na medida do posible, procurárase que se poidan iniciar tarefas nas semanas previas á estancia, de forma que comecen a definir o proxecto que será realizado interdisciplinarmente en Mariñán. O devandito traballo previo podería desenvolverse tanto por reunións presenciais como en liña.
- 5. Méritos dos solicitantes:** CV breve dos solicitantes con posibilidade de engadir dossier de traballos, expediente académico dos participantes, colaboración acreditada en actividades organizadas previamente pola Escola, premios ou mencións académicas e/ou artísticas... (ver cómo se avalían as propostas).
- 6. Carta motivacional razoada:** Reflexión sobre os intereses persoais nesta proposta creativa e a temática proposta (para axudar a preparar a proposta, elaborouse un dossier informativo que adxúntase neste correo e poderá descargarse tamén na nosa web).

### Cráterios de avaliación e proceso de selección

Para a valoración das propostas, o equipo directivo terá en conta os seguintes aspectos:

1. Aspectos formais da proposta (ata 1 punto): adecuación aos requisitos esixidos para a presentación da solicitude.
2. Aspectos artísticos da proposta (ata 2 puntos): xustificación e relación co tema común, homenaxeado, viabilidade a partires da análise do anterior e dos soportes visuais, sonoros...
3. Aspectos interdisciplinares (ata 2 punto): tanto na formación do grupo que propón, na proposta en sí, na viabilidade de converxencias humanas e espaciais en Mariñán...

4. Viabilidade (ata 1 punto): no económico e no temporal.

5. Méritos dos solicitantes:

- a) CV (con ou sen dossier de traballos) e expediente académico (puntuación obtida por medias ponderadas dos solicitantes) (ata 1 punto).
- b) Participación na vida académica-institucional da Escola (ata 1 punto, a razón de 0,25 por cada actividade na que colaborou)
- c) Premios e/ou mencións académicas e/ou artísticas (ata 1 punto, a razón de 0,5 por cada premio e 0,25 por mención)

6. Carta motivacional: ata 1 punto.

A puntuación será a media das cualificacións de cada persoa integrante da comisión.

A adxudicación das prazas de participación será definitiva.

O listado de participantes e de persoas en reserva farase pública **antes do 25 de abril** e será comunicada por correo ou teléfono ás persoas seleccionadas.

As prazas para pernoctación do profesorado serán asignadas por riguroso orde de solicitude.

Podedes ver un resumo dos Encontros de anteriores edicións en:

Cuarta\_ O mar: <https://escoladeartelugo.com/4residenciareadoresemerxentes/>

Quinta\_ A pedra: <https://youtu.be/6ws1GFwuZJU>

Animamos á participación nesta actividade tan interesante.